

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro autista

 n° 11 - 2007



*FORMACIÓN
E DISCAPACIDADE*

FORMACIÓN E DISCAPACIDADE

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 11. Ano 2007

Número Ordinario

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Azucena Vázquez, Xabier Ron Fernández,
M^a do Carme Bugallo Mariño e Agustín Nieto

Gravado portada

Alfonso Sucasas

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo

Sumario

5

Editorial

FORMACIÓN E DISCAPACIDADE

7

FAVORECENDO O COÑECEMENTO, FOMENTANDO A PARTICIPACIÓN

Senén Barro Ameneiro

13

ACCESIBILIDADE INFORMÁTICA

José María Barja Pérez

21

FORMACIÓN E CAPACITACIÓN:
A UNIVERSIDADE E O MITO DO LABIRINTO

Alberto Gago Rodríguez

29

E-LEARNING: UNHA PERSPECTIVA ACTUAL

Martín Llamas Nistal

37

A EXPERIENCIA DUNHA PROPOSTA AUDIOVISUAL *ON LINE*

Margarita Ledo Andión

45

FORMACIÓN E DISCAPACIDADE:
A NECESARIA COLABORACIÓN DA UNIVERSIDADE

Manuel Deaño Deaño

53

ESPECTRO AUTISTA. NECESIDADE DE REALIZAR ESTUDOS
EPIDEMIOLÓXICOS E FORMACIÓN DE EDUCADORES

Paco Jiménez Martínez

65

AUTISMOS. A SÚA CLASIFICACIÓN. O AUTISMO SECUNDARIO

José Antonio Muñoz Yunta

79

PROTOCOLO SANITARIO PARA PACIENTES CON TRASTORNOS
DO ESPECTRO AUTISTA

Cipriano Luís Jiménez Casas / Fernando Domínguez González

AUTISMOS. A SÚA CLASIFICACIÓN. O AUTISMO SECUNDARIO.

José Antonio Muñoz Yunta*
Neuropediatra

Resumo

Nas clasificacións internacionais vixentes, o Autismo está catalogado dentro dos Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento. Nestas clasificacións non figura a categoría Trastornos do Espectro Autista, amplamente utilizada en clínica, por este motivo ambas terminoloxías en ocasións empréganse de xeito sinónimo, aínda que existen certos matices que as diferencian. A crecente investigación da patoloxía Autística evidencia cada día máis, que non se pode facer referencia a un tipo único de Autismo, senón que existe diversidade de "Autismos". A diferenza entre Autismo primario, criptoxenético e secundario é de grande importancia para o estudo etiopatoxénico e clínico do Trastorno Autista.

*O autor é neurólogo infantil especializado en neuroloxía do desenvolvemento e neuroloxía evolutiva. As súas liñas de investigación atópanse na actualidade centradas nos Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, Trastornos do Espectro Autista e trastornos da linguaxe, así como na epilepsia e as súas interrelacións co desenvolvemento. Publicou numerosos traballos científicos en revistas nacionais e internacionais.

Responsable da Unidade de Neuropediatría do Hospital del Mar de Barcelona, onde traballa en tres vertentes: asistencia, docencia e investigación.

Profesor Asociado de Pediatría da Facultade de Medicina da Universidade Autónoma de Barcelona. Director da Clínica Neuropsicobioloxía, en Barcelona, que se dedica ao estudo dos Trastornos do Desenvolvemento, alteracións cognitivas e epilepsia.

Director da Fundación FADED, para a Asistencia, Docencia e Estudo das Discapacidades, e asesor do comité científico da Fundació Autisme Mas Casadevall.

Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento

O termo Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento (TXD) (*Pervasive Developmental Disorders* (PDD)), refírese aos Nenos con Autismo e trastornos relacionados. En ocasións, este termo utilízase como sinónimo de Trastornos do Espectro Autista <*Autism Spectrum Disorders* (ASD)>.

No DSM-IV (*Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders*) os TXD é un termo xeral baixo o cal se definen os seguintes trastornos: Trastorno Autista (*autistic disorder*) para referirse ao Autismo clásico ou Autismo de Kanner, síndrome de Asperger (*Asperger's disorder*), trastorno desintegrativo da

infancia (*childhood disintegrative disorder*), síndrome de Rett (*Rett's disorder*) e Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento non específico (PDD-NOS) (APA, 1994).

Na ICD-10 (*International Classification of Diseases*) no seu apartado de Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, figuran as categorías Autismo infantil (*childhood autism*) e Autismo atípico (*atypical autism*) incluíndo tamén a síndrome de Rett, a síndrome de Asperger, o trastorno desintegrativo da infancia, outros trastornos asociados con atraso mental e movementos estereotipados, así como outros Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento e Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento inespecífico (WHO, 1992).

Clasificación neuropediátrica para os Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento

Para catalogar de forma máis operativa os distintos grupos que configuran os TXD propoñemos unha clasificación desde o punto de vista da clínica neuropediátrica sen apartarnos das directrices do DSM e a ICD (Muñoz Yunta, 2004).

A categoría TXD divídese en dous grupos: **TXD específicos e TXD non específicos**. O primeiro grupo inclúe aqueles trastornos e síndromes cunhas características clínicas definidas e diferenciais doutros (aínda que non exista un marcador biolóxico), o segundo agrupa os Trastornos do Desenvolvemento que presentan algún trazo Autista, pero non evidencian as suficientes características clínicas para podelos clasificar dentro dunha entidade patolóxica específica (Figura 1).

Dentro dos TXD específicos inclúense a **Síndrome de Rett**, a **Síndrome de X Fráxil**, a **Síndrome de Angelman**, a **Síndrome de Landau-Kleffner** e os **Trastornos do Espectro Autista**. Cada un deles cumpre unhas características clínicas específicas que os diferencian entre si, presentando tamén a maioría deles, unhas calidades comúns tales como: anormalidades no electroencefalograma, epilepsia e condutas Autistas (Muñoz Yunta ,2005a).




Figura 1. Clasificación neuropediátrica para os Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento. RS: Síndrome de Rett. SXF: Síndrome de X-Frágil. SAn: Síndrome de Angelman. SLK: Síndrome de Landau-Kleffner. TEA: Trastornos do Espectro Autista. TDI: Trastorno Desintegrativo da Infancia. SS: Síndrome de Savant. SA: Síndrome de Asperger. AIP /L/M/G: Autismo Infantil Precoz / Lixeiro / Moderado / Grave (Muñoz Yunta, 2004).

Trastornos do Espectro Autista

Os **Trastornos do Espectro Autista (TEA)** están definidos pola tríade de Wing, que se manifestan en forma de alteración da interacción social recíproca, alteración cualitativa da comunicación e a presenza de patróns de conduta, intereses e actividades restritiva, repetitiva e estereotipada. Divídense en tres grupos: **primario**, **criptoxénico** e **secundario** (Figura 2).



Figura 2. Tríade de alteracións condutuais nos Trastornos do Espectro Autista.

Autismo primario ou idiomático

Os síntomas aparecen desde o nacemento, a etiología do trastorno é descoñecida e pódese manifestar en forma dun gran continuo de síntomas que definen entidades nosolóxicas de menor a maior gravidade. Non hai outra causa ou patoloxía que poida condicionar a aparición das condutas ou características Autísticas. Pertencentes aos TEA primarios distinguimos, de menor a maior gravidade: **Síndrome de Savant, Síndrome de Asperger, Autismo infantil precoz lixeiro, Autismo infantil precoz moderado e Autismo infantil precoz grave.**

Autismo secundario

Os síntomas aparecen a consecuencia ou van asociados a outra patoloxía ou síndrome de orixe coñecida. A primeira forma de Autismo secundaria descrita é a Demencia ou Síndrome de Heller, coñecida como síndrome desintegrativa da infancia ou síndrome regresiva. A segunda sería o **Autismo criptoxenético**, ao neno con proceso de maduración normal que, sen coñecer a causa, inicia un cadro desintegrativo con conduta Autista.

A **maduración** é o fenómeno responsable de que o sistema nervioso central dun ser vivo alcance, en cada momento, a organización necesaria para que as súas respostas ás variacións do medio interno, externo ou ambos sexan as máis adecuadas para manter a homeostase. As alteracións que interfiran na maduración, calquera que sexan as súas causas, han dar lugar a trastornos do comportamento denominados **maduropatías** (Lamote de Grignon, 1980). Estas poden ser prenatais, perinatais, postnatais e prenatais diferidas.

As **maduropatías prenatais** prodúcense durante a etapa que vai desde a fecundación ata a aparición das primeiras contraccións do parto. Entre as maduropatías prenatais distinguimos: as de orixe **metabólica** xenética, cando a anomalía xa existe antes da fecundación; as **cromosómicas**, cando a alteración se produce durante a concepción; e as mal formativas, as **infecciosas** así como as **tóxicas**, que se orixinan durante o período que pasa desde a concepción ata o final do sexto mes de xestación (Táboa I) (Muñoz Yunta, 2005b; Gillberg & Coleman, 2000).

Táboa I. Maduropatías prenatais con Autismo secundario.

Metabólicas	<ul style="list-style-type: none">• Fenilcetonuria• Trastornos do metabolismo das purinas e pirimidinas• Histidinemia• Adrenoleucodistrofia• Síndrome de Zellweger
Cromosómicas	<ul style="list-style-type: none">• Síndrome de Rett• Síndrome de Angelman• Síndrome de X-Frágil• Síndrome de Smith-Magenis• Síndrome de Prader-Willi• Síndrome de Joubert• Síndrome de Sotos• Síndrome de Williams• Síndrome de Cornelia de Lange• Síndrome de Goldenhar• Displasia septo-óptica ou síndrome de Morsier• Síndrome de Down• Síndrome de Pallister-Killian• CATCH 22 / Síndrome de Digeorge• Síndrome FG ou síndrome de Opitz Kaveggia• Síndrome de Smith-Lemli-Opitz• Síndrome de AarsKog• Hipomelanose de Ito• Esclerose tuberosa• Neurofibromatose Tipo I• Síndrome de Moebius
Infecciosas	<ul style="list-style-type: none">• Rubéola Conxénita• Toxoplasmose conxénita• Citomegavirus conxénito
Tóxicas	<ul style="list-style-type: none">• Síndrome alcohólica fetal• Síndrome valproato fetal• Síndrome da talidomida

Maduropatías prenatais metabólicas

FENILCETONURIA

Déficit do enzima hepático fenilalanina-hidroxilasa. Herdanza autosómica recesiva. O xene identificouse no brazo longo do cromosoma 12, 12q22-24.

TRASTORNOS DO METABOLISMO DAS PURINAS E PIRIMIDINAS

- 1. Hiperuricosuria.** Presenza de niveis elevados de ácido úrico nos ouriños.
- 2. Deficiencia de dihidropirimidina dehidroxenasa.** Presenza de niveis elevados de uracil nos ouriños, debido á deficiencia no enzima dihidropirimidina dehidroxenasa.
- 3. Niveis elevados de nucleotidasa.** Presenza de niveis baixos de ácido úrico nos ouriños, asociado a niveis elevados do enzima nucleotidasa.
- 4. Deficiencia adenil-succinato liasa.** A deficiencia do enzima adenil-succinato liasa provoca a incapacidade de producir purinas de xeito eficaz.

HISTIDINEMIA

Déficit do enzima histidasa. Enfermidade autosómica recesiva. O xene da histidasa, histidina –amonía liasa (HAL), está localizado no cromosoma 12q22-q24.1.

ADRENOLEUCODISTROFIA

Alteración funcional do enzima do peroxisoma, lignoceroíl-CoA ligasa. Herdanza ligada ao cromosoma X. O xene responsable está situado no brazo longo Xq28.

SÍNDROME DE ZELLWEGER

Ausencia de peroxisomas nas células renais, hepáticas e fibroblastos que causa anomalías mitocondriais no cerebro, fígado e músculo. O déficit de enzimas peroxisómicos produce acumulación de ácido fitánico piperólico e ácidos graxos de cadea longa. Herdanza autosómica recesiva. O xene responsable está situado no brazo longo do cromosoma 7 (7q11.23).

Maduropatías prenatais cromosómicas

(Táboas II e III)

SÍNDROME DE RETT

Herdase como trazo xenético dominante ligado ao cromosoma X. O xene responsable é o MECP2 (Xq28). Describíronse máis de 30 mutacións de novo.

SÍNDROME DE ANGELMAN

A síndrome de Angelman está causada pola ausencia da contribución materna da rexión 15q11-13 do cromosoma 15. Asociado co xene UBE3A.

SÍNDROME X-FRÁXIL

A mutación está localizada no brazo longo do cromosoma X (Xq27.3), onde se atopa o xene FMR1. Máis frecuente e severo en varóns ca en mulleres.

SÍNDROME DE SMITH-MAGENIS

Causada por unha delección intersticial na rexión 17p11.2. Relacionada co xene da neuropatía sensitivomotora hereditaria de tipo 1A (NSMH1A).

SÍNDROME DE PRADER-WILLI

Perda ou inactivación de xenes paternos na rexión 15q11-13 do cromosoma 15. A mutación é a mesma ca na síndrome de Angelman, pero de orixe paterna. Identificáronse varios xenes responsables da síndrome: SNRPN, GABRB3, NECDIN, PAR1, PAR5, PAR7, MAGEL2.

SÍNDROME DE JOUBERT

Enfermidade autosómica recesiva. Reportouse unha delección do brazo curto do cromosoma 17p11.2, tamén presente na síndrome de Smith-Magenis. En estudos de familias mapeouse o xene no cromosoma 9q34.3. Diversos traballos suxiren que a síndrome de Joubert e outras formas de axenesia do vermis poderían ser o resultado dun defecto xenético específico, con manifestacións pleiotrópicas ou variable expresividade. Diversos compoñentes da familia dos xenes PAX (PAX2, PAX5, PAX8) podían contribuír á malformación do vermis.

Tamén a familia de xenes EN1, EN2, FGF8 e o xene BARHL1 poderían estar implicados na alteración do desenvolvemento do cerebelo.

SÍNDROME DE SOTOS

Mutacións no xene NSD1 do cromosoma 5. Herdanza autosómica dominante.

SÍNDROME DE WILLIAMS

A alteración xenética é unha hemidelección na rexión do cromosoma 7 que contén o xene da elastina, no brazo longo do cromosoma 7 na rexión 7q11.22-23. Máis de 17 xenes forman parte da delección, que inclúen, ademais da elastina, os xenes FKBP6, no extremo centromérico, Frizzled 9, Syntaxin 1A, LIM-1 kinasa, WSCR1-WSCR5, CYLN2, WCBR11 e os xenes GTF2I e GTF2IRD1, no extremo telomérico da ruptura. Herdanza autosómica dominante.

SÍNDROME DE CORNELIA DE LANGE

A maioría dos casos aparecen de forma esporádica (99%), sen un patrón de herdanza claro. Describiuse un modelo de herdanza autosómica dominante.

Nos casos familiares e esporádicos da síndrome, reportouse a existencia de mutacións no xene NIPBL localizado no 5p13.1.

SÍNDROME DE GOLDENHAR

A enfermidade afecta ao desenvolvemento do primeiro e segundo arco branquial. Discútese a herdanza nos casos de aparición familiar, aceptándose unha heteroxeneidade xenética con patróns de herdanza múltiple, autosómica dominante, recesiva ou multifactorial, sendo a autosómica dominante a máis frecuente. Locus 14q32.

DISPLASIA SEPTO-ÓPTICA ou SÍNDROME DE MORSIER

A súa orixe pode ser herdada e adquirida. A maioría dos casos son esporádicos.

SÍNDROME DE DOWN

En máis do 90% dos pacientes trátase dunha alteración cromosómica por trisomía do cromosoma 21 producida pola non-disxunción durante a meiose.

SÍNDROME DE PALLISTER KILLIAN

Enfermidade cromosómica rara que ocorre de novo. Mosaicismo para tetrasomía 12p.

CATCH 22 / SÍNDROME DE DIGEORGE

A síndrome de Digeorge comparte características clínicas con outras entidades que presentan un mesmo defecto citoxenético estrutural, a delección do cromosoma 22q, como son a síndrome de Shprintzen ou velocardiofacial, a síndrome de Takao e o CATCH 22. O defecto citoxenético prodúcese de xeito esporádico, con todo existen familias nas que a transmisión da delección segue un patrón dominante.

A anomalía ten lugar durante o desenvolvemento embrionario, por afectación das cristas neurais.

SÍNDROME FG ou SÍNDROME DE OPITZ KAVEGGIA

Locus Xq12-q21.31. Enfermidade hereditaria rara. Afecta aos varóns, algunhas mulleres poden presentar certas características físicas relacionadas coa síndrome FG porque son portadoras.

SÍNDROME DE SMITH-LEMLI-OPITZ

Mutacións no xen Sterol Delta -7- Reductasa (DHCR 7). Locus 11q12-q13. Herdanza autosómica recesiva.

SÍNDROME DE AARSKOG

Herdase como un trazo recesivo ligado ao cromosoma X (Xp11.2-Xq13). Enfermidade conxénita extremadamente rara. Maniféstase exclusivamente en varóns. Nalgunha ocasión, as mulleres presentan unha variante atenuada da síndrome.

HIPOMELANOSE DE ITO

Descríronse anomalías cromosómicas no 50% dos casos, a maioría son mosaicismos ou traslocacións. As máis frecuentes son a trisomía do 18 por mosaicismo, diploidía, triploidía, tetraploidía, mosaicismo dos cromosomas sexuais ou tetrasomía 12p. Descríronse casos de hipomelanoose de Ito e traslocacións na localización Xp11.

Pode ocorrer de maneira esporádica ou herdarse como trazo xenético autosómico dominante, ligado ao cromosoma X e autosómico recesivo.

ESCLEROSE TUBEROSA

Identificáronse mutacións en dous xenes que poden causar a enfermidade. O xene TSC1, situado no brazo longo do cromosoma 9 (9q34) e o xene TSC2, situado no brazo curto do cromosoma 16 (16p13.3).

Aproximadamente o 65% dos casos de esclerose tuberosa son resultado dun cambio xenético espontáneo, tamén se pode herdar como trazo xenético autosómico dominante.

NEUROFIBROMATOSE TIPO I

A alteración xenética é unha mutación no xene NF1, do que hai descritas máis de 200 mutacións. O xene NF1 localízase no brazo longo do cromosoma 17 (17q11.2). Este xene codifica a neurofibromina, unha proteína, que pensamos que actúa como un supresor tumoral en condicións normais, regulando outra proteína celular que estimula o crecemento e proliferación celular.

A neurofibromatose tipo I herdase de maneira autosómica dominante nun 50% dos casos. O outro 50% débense a mutacións espontáneas ou por mutacións somáticas asociadas a mosaicismos xerminais.

SÍNDROME DE MOEBIUS

Débese a unha axenesia dos núcleos dos pares craniais VI e VII, o que provoca diplexía facial e parálise dos músculos oculomotores. O desenvolvemento do nervio facial está ausente ou diminuído, producíndose alteracións dos músculos faciais e da mandíbula. Pódese asociar a axenesia do nervio hipogloso, que condiciona a aparición da atrofia dunha ou das dúas metades da lingua.

A maioría dos casos son de aparición esporádica, tamén están descritos casos de orixe familiar con herdanza autosómica recesiva ou dominante. Identifícase

unha delección no brazo longo do cromosoma 13, na rexión q12.2 que podería estar relacionada coa etioloxía da síndrome (13q12.2-q13).

Maduropatías prenatais infecciosas

(Táboa IV)

RUBÉOLA CONXÉNITA

Infección do feto intraútero co virus da rubéola. O risco de afectación fetal vai diminuindo ao longo do embarazo, de tal xeito que o cadro polimalformativo aparece só nas 12 primeiras semanas da xestación.

TOXOPLASMOSE CONXÉNITA

Infección do feto con *Toxoplasma gondii* durante o embarazo. A infección nas primeiras etapas do embarazo provoca problemas máis graves ca a infección máis tardía.

CITOMEGAVIRUS CONXÉNITO

O citomegavirus conxénito é causado cando unha nai infectada pasa o virus do citomegavirus ao feto a través da placenta.

Maduropatías prenatais tóxicas

(Táboa V)

SÍNDROME DE ALCOHOLISMO FETAL

Anomalías conxénitas que se producen como consecuencia do consumo de alcohol por parte da nai durante o embarazo.

SÍNDROME DO VALPROATO FETAL

Anomalías conxénitas que se presentan nos fetos expostos ao ácido valpróico durante o primeiro trimestre do embarazo. O 5-10% dos fetos expostos durante o período susceptible desenvolve unha fetopatía.

SÍNDROME DA TALIDOMIDA

Exposición prenatal á talidomida.

Táboa II. Principais características clínicas das maduropatías prenatais cromosómicas.

SÍNDROME	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS CLÍNICAS
Síndrome de Rett	Microcefalia adquirida. Epilepsia. Ataxia. Perda do uso da man, realizando movementos estereotipados e repetidos como bater as mans, movemento de "lavado de mans". Deterioro psicomotor.
Síndrome de Angelman	Microcefalia. Hipopigmentación da pel e os ollos. Cabelo claro. Ataxia da marcha e tremor dos brazos. Ausencia de linguaxe (poucas palabras). Sorriso fácil e episodios de risa. Epilepsia. Hiperactividade. Atracción pola auga.
Síndrome de X-Frágil	Macrocefalia. Fisuras palpebrais estreitas. Orelas grandes e prominentes. Laxitude articular (especialmente nos dedos das mans). Dobrez palmar única. Pel suave e fina. Epilepsia. Atraso

	na adquisición da marcha e da linguaxe. Hiperactividade e falta de atención.
Síndrome de Smith-Magenis	Braquicefalia, microcefalia. Orelas de implantación baixa con antehelix prominente e descolgadas. Filtrum curto. Prognatismo, labio superior en arco de cupido, esquinas da boca descendentes. Talle pequeno. Mans curtas, grandes e anchas con braquidactilia, clinodactilia do quinto dedo. Dobrez plantar transversal e sindactilia de dedos do pé. Epilepsia. Atraso desenvolvemento psicomotor. Alteracións da fala. Hipotonía. Hiperactividade, impulsividade e déficit de atención. Perrenchas frecuentes. Auto e heteroagresividade. <i>Jactatio capitis</i> . Onicotilomanía. Poliembolocoilomanía.
Síndrome de Prader-Willi	Ollos amendoados. Boca triangular. Obesidade. Mans e pés pequenos. Deformacións dos pés. Hipotonía. Arreflexia. Trastornos da linguaxe. Problemas de comunicación. Hiperactividade. Impulsividade.
Síndrome de Joubert	Malformación do mesencéfalo e do cerebelo, con axenesia ou hipoplasia do vermis cerebeloso e cisterna magna pequena. Hipotonía. Ataxia ou descoordinación. Epilepsia. Atraso psicomotor. Hiperactividade
Síndrome de Sotos	Talle moi alto (anormal en proporción ao peso). Crecemento excesivo dos ósos, das mans e dos pés. Alteración cardíaca conxénita. Epilepsia. Hipotonía e hiperlaxitude. Atraso desenvolvemento psicomotor.
Síndrome de Williams	"Cara de trasno". Dismorfismo facial (depresión bitemporal, fendas palpebrais curtas). Hipotonía. Trastornos na motricidade grosa e fina.
Síndrome de Cornelia de Lange	Microcefalia. Sinofridia e pestanas longas e rizadas. Implantación baixa das orelas. Nariz pequeno, ancho e revertido cara a arriba con orificios antevvertidos. Filtrum longo. Labios delgados e cara a abaixo. Micrognatia. Hipertricose en diferentes zonas do corpo. Anomalías dos membros superiores (micromelia, focomelia). Implantación proximal dos polgares, oligodactilia dos cinco dedos, sindactilia da segunda e terceira falanxe, axenesia ou hipoplasia do cubito, suco simiesco e adactilia de mans e pés. Epilepsia. Alteracións neurosensoriais. Hiperactividade.
Síndrome de Goldenhar	Microcefalia ou hidrocefalia. Encefalocele occipital. Malformación de Arnold Chiari. Espiña bífida.
Displasia septo-óptica ou síndrome de Morsier	Axenesia ou ausencia de septum pellicidum. Axenesia ou ausencia de corpo caloso. Hipotonía. Epilepsia.
Síndrome de Down	Cara redondeada de perfil plano. Cute marmórea. Fendas palpebrais mongoloides. Epicantus. Hipotelorismo. Protusión lingual. Pescozo curto e ancho. Dobrez cutánea cervical. Malformacións dos dedos con acurtamento das falanxes. Diástase dos dous primeiros dedos dos pés ("signo da sandalia"). Mans e pés con dobrez simiesca. Hipotonía.
Síndrome de Pallister-Killian	Braquicefalia. Facies ruda. Sutura frontal marcada. Ptose palpebral. Hipertelorismo ocular. Orelas displásicas. Nariz pequeno con ponte nasal chata. Narinas antevvertidas. Filtrum longo. Comisuras labiais caídas, boca en arco de cupido (labio inferior gordo e superior fino). Macroglosia. Micrognatia. Epilepsia.
CATCH 22/ Síndrome de Digeorge	Tetania ou convulsións a consecuencia da hipocalcemia. Atraso madurativo.
Síndrome FG ou síndrome de Opitz Kaveggia	Macrocefalia. Hipotonía.
Síndrome de Smith-Lemli-Opitz	Axenesia parcial do vermis cerebeloso. Hipoplasia do corpo caloso e dos lóbulos frontais. Epilepsia. Hipotonía ou hipertonia con espasticidade. Auto-agresión. Tricotilomanía. Estereotipias: <i>jactatio capitis e jactatio corporis</i> , pero unha das estereotipias máis características e frecuentes é a opistotokinese (especie de tic brusco repetitivo de lanzar o polo cefálico cara a atrás), outro tipo é golpear cos dedos.
Síndrome de Aarskog	Hipertelorismo. Ptose palpebral. Dobrez antimongoloide. Anomalías do pavillón auricular. Nariz pequeno con narinas antevvertidas. Ponte nasal ancha. Filtrum longo.
Síndrome de Moebius	Cara rixida e inmóbil. A expresión facial non se modifica ante o pranto ou a risa, o cal o neno compensa cun incremento da motilidade dos brazos e mans. Parálise dos pares oculomotores e oftalmoplexía. Ptose palpebral e imposibilidade da oclusión total das pálpebras. Labios finos e sen motilidade. Dificultades para a protrusión lingual por afectación do núcleo hipogloso. Hipoacusia neurosensorial.

Táboa III. Principais características clínicas das facomatoses (maduropatías prenatais cromosómicas).

FACOMATOSE	MORFOLOXÍA DAS MANCHAS DA PEL	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS CLÍNICAS
Hipomelanose de Ito ou incontinencia pigmenti acromians	- Lesións cutáneas hipopigmentadas de morfoloxía irregular, uni- ou bilateralmente seguindo as liñas de Blaschko.	Dúas formas clínicas: <ul style="list-style-type: none"> • Forma clínica na cal unicamente existen lesións cutáneas hipopigmentadas. • Forma clínica con afectación sistémica, neurolóxica e do tracto gastrointestinal. Macrocefalia. Facies ruda. Hipertelorismo. Pavillóns auditivos dismórficos. Hipotonía e hipotrofia de extremidades. Epilepsia (síndrome de West ou crises graves) de inicio precoz e refractaria a tratamento, especialmente en nenos que presentan trastornos da migración neuronal. Atraso illado na mielinización. Axenesia parcial do corpo caloso. Dilatación ventricular asociada a un corpo caloso hipoplásico e a atraso na mielinización. Malformación de Dandy-Walker. Trastornos da migración neuronal. Hipoacusia neurosensorial e condutiva.
Esclerose tuberosa ou síndrome de Bourneville	- Manchas hipocrómicas con morfoloxía poligonal ou con forma de folla de freixo. - Grupos de manchas pequenas hipomelanóticas ou en confetti. - Máculas brancas no iris e na retina.	Nódulos de Pringle, tumores benignos de tamaño variable de cor amarela que aparecen sobre o nariz, as meixelas e a fronte. Angiofibromas faciais. Rabdomioma cardíaco. Linfangiomatose pulmonar. Angiomiolipoma renal e quistes renais. Quistes óseos. Epilepsia. Fibromas ungueais múltiples. Túberes corticais e cerebrais. Nódulos subependimarios ou astrocitomas de células xigantes. Nódulos subependimarios calcificados múltiples. Astrocitomas retinianos múltiples. Atraso desenvolvemento psicomotor.
Neurofibromatose Tipo I ou enfermidade de Von Recklinghausen	- Manchas de café con leite na pel.	Neurofibromas (tumores benignos múltiples na vaina de mielina dos nervios). Nódulos de Lisch oculares (hamartomas do iris). Epilepsia.

Táboa IV. Principais características clínicas das maduropatías prenatais infecciosas.

SÍNDROME	PRINCIPALES CARACTERÍSTICAS CLÍNICAS
Rubéola conxénita	Microcefalia. Micrognatia. Fendedura do padal. Convulsións. Atraso do crecemento intrauterino e postnatal. Atraso psicomotor.
Toxoplasmose conxénita	Durante a xestación: Mortalidade. Parto prematuro. Atraso do crecemento intrauterino
	Ao nacer: Pouco peso. Microcefalia. Microftalmia. Coriorretinite. Ictericia. Anemia. Hepatoesplenomegalia. Calcificacións cerebrais. Hipotonía. Convulsións. Exantemas. Púrpura trombocitopénico. Eosinofilia. Dano ocular.
	Tardías: Coriorretinite. Atraso psicomotor. Xordeira. Estrabismo. Deterioro visual. Hidrocefalia. Convulsións.
Citomegavirus conxénito	Ao nacer: Pouco peso. Microcefalia. Erupción (petequias). Ictericia. Hepatomegalia. Esplenomegalia. Ruídos respiratorios anormais (pneumonía). Inflamación da retina. Calcificacións intracraniais. Convulsións.
	Tardías: Atraso psicomotor. Xordeira. Alteracións visuais. Epilepsia.

Táboa V. Principais características clínicas das maduropatías prenatais tóxicas.

SÍNDROME	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS CLÍNICAS
Síndrome de alcoholismo fetal	Malformacións craneofaciais. Microcefalia. Fendas palpebrais curtas. Hipoplasia mediofacial. Filtrum leve ou longo. Labio superior delgado.
Síndrome de valproato fetal	Diámetro biparietal diminuído. Epicanto. Hipertelorismo. Orelas dismórficas. Nariz pequeno e narinas antevertidas. Ponte nasal deprimida. Labio superior fino e microstomía. Labio leporino. Padal fendido. Comisuras bucais que apuntan cara a abaixo. Micrognatia. Hipoplasia medio facial.
Síndrome da talidomida	Malformación ou falta de orelas. Atrofia de brazos e pernas. Oligodactilia de dedos da man. Polidactilia preaxial. Malformación ou falta de dedos polgares. Disfuncións neurolóxicas dos músculos oculares ou faciais.

Bibliografía

American Psychiatric Association. *Diagnostic and Statistic Manual of Mental Disorders 4th Edition* (DSM-IV). Washington, D.C.: American Psychiatric Association; 1994.

Gillberg C, Coleman M. *Double síndromes*. En Gillberg C, Coleman M, eds. *The Biology of the Autistic Syndromes*. London: Mac Keith Press; 2000. p.136-184.

Lamote de Grignon C. *Las maduropatías*. En Lamote de Grignon C. *Neurología Evolutiva*. Barcelona: Ed. Salvat; 1980. P.163-167.

Muñoz Yunta JA, Palau Baduell M, Salvadó Salvadó B, Amo C, Fernández A, Maestú F, Ortiz T. *Estudio mediante magnetoencefalografía de los trastornos generalizados del desarrollo. Nueva propuesta de clasificación*. *Rev Neurol* 2004; 38 (Supl 1): S28-S32.

Muñoz Yunta JA, Palau Baduell M, Valdizán Usón JR, Valls Santasusana A, Salvadó Salvadó B, Idiazabal Alecha MA, Mulas Delgado F. *Autismo asociado a...* En Muñoz Yunta JA, ed. *Guía Médica y Neuropsicológica del Autismo*. Barcelona: Fundació Autisme Mas Casadevall, F. P.; 2005b. p. 91-130.

Muñoz Yunta JA, Valdizán Usón JR, Valls Santasusana A, Salvadó Salvadó B, Palau Baduell M. *Definición y clasificación de los trastornos generalizados del desarrollo*. En Muñoz Yunta JA, ed. *Guía Médica y Neuropsicológica del Autismo*. Barcelona: Fundació Autisme Mas Casadevall, F. P.; 2005a. p. 45-90.

World Health Organization. *International Classification of Diseases*. Tenth Edition. Geneva: World Health Organization; 1992.

AUTISMOS. SU CLASIFICACIÓN. EL AUTISMO SECUNDARIO.

José Antonio Muñoz Yunta*
Neuropediatra

Resumen

En las clasificaciones internacionales vigentes, el Autismo está catalogado dentro de los trastornos generalizados del desarrollo. En estas clasificaciones no figura la categoría Trastornos del Espectro Autista, ampliamente utilizada en clínica, por esta razón ambas terminologías en ocasiones se utilizan de manera sinónima, aunque existen ciertos matices que las diferencian. La creciente investigación de la patología Autística evidencia cada día más, que no se puede hacer referencia a un tipo único de Autismo, sino que existe diversidad de "Autismos". La diferencia entre Autismo primario, criptogenético y secundario es de gran importancia para el estudio etiopatogénico y clínico del Trastorno Autista.

*El autor es neurólogo infantil especializado en neurología del desarrollo y neurología evolutiva. Sus líneas de investigación se encuentran en la actualidad centradas en los Trastornos Generalizados del Desarrollo, Trastornos del Espectro Autista y trastornos del lenguaje, así como en la epilepsia y sus interrelaciones con el desarrollo. Ha publicado numerosos trabajos científicos en revistas nacionales e internacionales.

Responsable de la Unidad de Neuropediatría del Hospital del Mar de Barcelona, donde trabaja en tres vertientes: asistencia, docencia e investigación.

Profesor Asociado de Pediatría de la Facultad de Medicina de la Universidad Autónoma de Barcelona. Director de la Clínica Neuropsicobiología, en Barcelona, que se dedica al estudio de los Trastornos del Desarrollo, alteraciones cognitivas y epilepsia.

Director de la Fundación FADED, para la Asistencia, Docencia y Estudio de las Discapacidades, y asesor del comité científico de la Fundació Autisme Mas Casadevall.

Trastornos Generalizados del Desarrollo

El término Trastornos Generalizados del Desarrollo (TGD) (*Pervasive Developmental Disorders* (PDD)), se refiere a los Niños con Autismo y trastornos relacionados. En ocasiones, dicho término se usa como sinónimo de Trastornos del Espectro Autista <*Autism Spectrum Disorders* (ASD)>.

En el DSM-IV (*Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders*) los TGD es un término general bajo el cual se definen los siguientes trastornos: Trastorno Autista (*autistic disorder*) para referirse al Autismo clásico o Autismo de Kanner,

síndrome de Asperger (*Asperger's disorder*), trastorno desintegrativo de la infancia (*childhood disintegrative disorder*), síndrome de Rett (*Rett's disorder*) y Trastorno Generalizado del Desarrollo no específico (PDD-NOS) (APA, 1994).

